

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A MODIFICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE EN 2023. 3º Prazo.

O 13 de xaneiro de 2023 publicouse a resolución reitoral da convocatoria de bolsas Erasmus+ para persoal docente e investigador con docencia para o curso 2023. Despois de publicar o 21 de xullo a resolución reitoral coa listaxe definitiva de persoas seleccionadas, esta Reitoría

RESOLVE:

- Publicar unha nova listaxe definitiva de persoas seleccionadas no anexo I.(3º prazo)

Todas as persoas beneficiarias deberán manter a relación contractual coa Universidade de Vigo e o Agreement Institutional está vixente no momento de realizar a estadía.

Segundo as obrigas establecidas nas bases da convocatoria, as persoas seleccionadas deberán entregar na Oficina de Relacións Internacionais (ORI):

Antes da súa partida:

- Copia do permiso correspondente solicitado no seu departamento. Deberá enviarse a practicas.ori@uvigo.gal.
- **Acordo de mobilidade** (*Mobility agreement*) asinado por todas as partes. As datas das sinaturas deberán ser anteriores á realización da estadía. Deberá enviarse a practicas.ori@uvigo.gal.
- **Convenio asinado de subvención** entre a Universidade de Vigo e a persoa docente seleccionada. Deberá presentarse a través da [sede electrónica da Universidade de Vigo](#), mediante o procedemento **SXER Instancia xenérica (PAS/PDI)**.
- Copia da Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro de asistencia en viaxe.

Despois da realización da estadía:

- Certificado orixinal de realización de estadía. Deberá presentarse a través da [sede electrónica da Universidade de Vigo](#), mediante o procedemento **SXER Instancia xenérica (PAS/PDI)**.
- Relación dos gastos da estadía xunto cos xustificantes: facturas e as tarxetas de embarque, billetes de tren, taxi, peaxes, facturas do hotel, etc.
- No caso de ter solicitada a axuda de viaxe ecolóxica, a persoa beneficiaria deberá presentar unha declaración xurada de ter realizada unha viaxe ecolóxica que deberá presentar na ORI acompañada dos xustificantes.
- Enquisa UE (*EU Survey*). Deberán cubri-la en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para facelo, e enviar o xustificante a practicas.ori@uvigo.gal. No caso de non facelo, a Universidade de Vigo poderá requirir-lles o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida.

Os documentos para antes e despois da estada, poderán descargarse no portal de bolsas:
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1053>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño